

4º Educación Infantil


Día das letras galegas 2025

AS CANTAREIRAS SON AS MULLERES QUE CANTAN CANTIGAS TRADICIONAIS, APRENDIDAS. PARA ACOMPAÑAR ESTAS CANTIGAS UTILIZAN DIFERENTES INSTRUMENTOS MUSICAIS, A PANDEIRETA, O PANDEIRO, AS CUNCHAS OU CALQUERA OUTRO OBXECTO CO QUE POIDAN EMITIR SON COMO A TIXOLA, AS CULLERES...





AS CANTIGAS SON CANCIÓNS POPULARES QUE INTERPRETAN AS CANTAREIRAS NOS FESTEXOS TRADICIONAIS, SERÁNS, FOLIADAS, RUADAS... E NAS REUNIÓNS FAMILIARES.








1. AQUÍ TES UNHA DAS CANTAREIRAS TRADICIONAIS. COLOREA E DESCIFRA O CÓDIGO SECRETO.



2. AS CANTAREIRAS ACOMPAÑABAN AS CANTIGAS CON INSTRUMENTOS. ARRODEA OS QUE USABAN E DEBUXA UN MÁIS.



3. UNE CADA INSTRUMENTO TRADICIONAL GALEGO COA SÚA SILUETA.



IMOS AO BAILE! ANIMÁDESIVOS A APRENDER UN BAILE TÍPICO GALEGO?



PARA EMPEZAR A BAILAR A MUIÑEIRA
É NECESARIO QUE ESTE PUNTO APRENDAS
É MOI DOADO, FÍXATE BEN
MOVE OS BRAZOS, AS PERNAS, OS PÉS
ADIANTE, ATRÁS, UN, DOUS, TRES.


E POUSA, POUSA
E NON ME TOQUES NAQUELA COUSA
E POUSA, POUSA AXIÑA
E NON ME TOQUES NAQUELA COUSIÑA.,

SEGUNDA PARTE POR PRACTICAR
E O PUNTO COMPLETO XA PODES BAILAR
HAI QUE PRACTICALO, EU NON O NEGO
E ASÍ APRENDES O BAILE GALEGO...



<https://www.youtube.com/watch?v=CDdFdt2WUfE>


CARACOL, COL, COL
BOTA O TEUS CORNOS AO SOL
PARA TI, PARA MIN,
PARA O REI QUE VÉN AQUÍ.
CARACOL, COL, COL
DEITA OS CORNIÑOS AO SOL.
CARACOL, COL, COL
SAE DA CASA QUE XA HAI SOL.



1. DE QUE ANIMAL FALA A CANTIGA? COLORÉAO.




OVELLA _____



ESQUÍO _____




CABRA _____






CARACOL _____

2. SIGUE AS LIÑAS PARA FORMAR A CUNCHA DESTE CARACOL. COLOREA.





3. CONTA OS CARACOIS DE CADA CÍRCULO E ESCRIBE O SEU NÚMERO. COLOREA.


1 2 3



4. DECORA O SOL E O CARACOL CON BOLIÑAS DE PAPEL.





5. DEBUXA UN CARACOL AO SOL.




A SAIA DA CAROLINA
TEN UN LAGARTO PINTADO,
CANDO CAROLINA BAILA
O LAGARTO DÁLLE AO RABO.







1. COLOREA OS DEBUXOS E PICA CUN PUNZÓN O LAGARTO. PÉGAO NA SAIA DA CAROLINA.



2. COLOREA O LAGARTO SEGUINDO A SERIE DE CORES VERDE E VERMELLA.



3. COLOREA UNICAMENTE OS LAGARTOS QUE ESTÁN PINTADOS NUNHA SAIA.



4. OBSERVA CON ATENCIÓN OS DEBUXOS QUE APARECEN ABAIXO E RODEA E COLO-
REA SÓ OS LAGARTOS.

